

Gallaecia: romanización y ordenación del territorio

Luis Rodríguez Ennes

Dikinson, Madrid, 2004

A pegada do imperio romano na construción xurídico-política e na evolución histórica de Galicia constituíu unha vez máis o eixe central deste pequeno libro do profesor Rodríguez Ennes, que abunda na que foi unha das súas fundamentais liñas de investigación durante, polo menos, os últimos dez anos. É certo que os límites da provincia romana *Gallaecia* moi pouco teñen que ver coa configuración territorial da nosa Comunidade autónoma, como o propio autor lembrou de novo, pero iso non é óbice para que amose como a romanización se sentiu no noso contorno máis próximo.

É unha obra rigorosa, científica á vez que divulgativa, e cun importante aparato crítico. As afirmacións que se formulan, as máis das veces recollendo as diversas hipóteses que se construíron sobre as escasas fontes directas coas que se conta, susténtanse nun estudo previo moi intenso. Pode dicirse, así pois, que o libro refunde en poucas páxinas moito traballo previo, foxe das conclusións apresuradas e contense para non introducir no discurso datos superfluos ou que non se correspondan estritamente co obxecto da investigación.

Pero é algo máis ca un libro ortodoxo dentro da disciplina romanística. Escrito con sinxeleza, como se escriben as obras máis complexas, non só queda ao alcance de eruditos ou estudosos da disciplina. Non é casual que quen asina

estas páxinas pouco máis coñeza daquela que os estudos cursados na facultade de Dereito de Santiago, precisamente como discípulo do prof. Rodríguez Ennes, e algunhas lecturas posteriores illadas. A obra resulta moi accesible para o público en xeral e moi adoutrinadora para xuristas, para historiadores e para todos os que sintan algo de curiosidade sobre os cimentos políticos, xurídicos, administrativos e socioeconómicos da nosa Galicia actual. Porque, ademais, non decae no seu interese en ningún momento e resulta entretida, con multitude de datos que aproximan o lector ao mundo antigo desde unha perspectiva máis humana, cotiá e popular. É, neste sentido, un libro de historias de colectivos, de pobos e de sociedades, máis ca de grandes personaxes.

Despois dun percorrido histórico polas diversas e sucesivas divisións de *Hispania*, comezando pola República e incidindo con especial atención na organización provincial correspondente á época de Augusto, lixeiramente modificada en tempos de Caracalla e remodelada en profundidade con Diocleciano, o autor alude á cuestión que constituíu unha causa eficiente da conquista romana: a explotación de minerais preciosos. A abundancia de ouro, estaño e prata provocou unha explotación intensiva, especialmente nos albores da época imperial. O libro dá conta das principais técnicas de explotación mineira, así como das durísimas condicións de vida e de traballo, cunha mortalidade moi elevada e a unha idade moi temperá. Principalmente engrosado por man de obra escrava, o continxente ao servizo das explotacións auríferas, estanníferas e arxénteas foi progresivamente asistindo á incorporación de *peregrini* e de *liberi mercenarii*, máxime a causa do recurso a técnicas extractivas máis sofisticadas que requirían de man de obra máis cualificada, aínda que estes profesionais contaban con condicións de vida e traballo considerablemente mellores, como poñen de manifesto os achados arqueolóxicos en xacementos como os de Vipasca ou Riotinto. Polo demais, o autor describe a presenza militar, así mesmo acreditada sen ningunha dúbida, aínda que resultan discutibles as funcións a que se destinaba, acaso simplemente de vixilancia e policía, acaso, tamén, dirixida a certos aspectos relacionados coa industria extractiva.

En canto á titularidade mineira, os xacementos eran considerados *ager publicus*, explotados mediante concesións perpetuas outorgadas a cambio de certas contraprestacións monetarias ou en especie. En todo caso, é un ámbito excluído do concepto de dominio quirritario por parte dos particulares. Durante a República, con toda probabilidade as *societates publicanorum* desempeñaron un papel protagonista na administración mineira e, a partir de Augusto, os procuradores provinciais, ou ben procuradores especificamente designados –*procuratores metallorum*–, cuxas competencias e rango variaban considerablemente duns casos a outros.

Evidentemente, a sobreexplotación, pero tamén a aparición de xacementos máis saturados noutros confíns do Imperio, produciron un progresivo declive na industria extractiva en *Hispania*. Como queira que sexa, xa para entón a romanización deixara unha pegada absolutamente decisiva, e tamén na *Gallaecia*, aínda

que esta se relativizou máis do debido. Os conventos *Lucensis*, *Bracarensis* e *Asturicensis* e a progresiva aparición das leis municipais romanas foron outros tantos feitos decisivos, xa entroncando con outras épocas históricas, que foron conformando unha realidade sociocultural da que somos herdeiros e debedores.

En definitiva, unha rebusca por algún dos nervios centrais deste libro, breve pero intenso, debe ser bastante para transmitir os seus moitos valores. Obra de cita para os estudosos, de consulta para curiosos e de lectura amena para os afeccionados á historia e ao dereito, a súa publicación non debería pasar desapercibida. Que eu contribúa nunha modesta medida a iso, satisfáime plenamente, e máis satisfará a quen atendan o consello de entreterse un anaco non moi longo con ela.

Jaime Cabeza Pereiro

*Catedrático de dereito do traballo
e da seguridade social
Universidade de Vigo*